

**ESTATUTOS
DO CONSELLO
MUNICIPAL DA
IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE
MULLERES E HOMES**

PREÁMBULO

O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e a non discriminación por razón de sexo. Pola súa parte o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas.

A igualdade de dereitos entre mulleres e homes é unha necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que, desde todos os niveis normativos, téntase conseguir a través de diversas medidas plasmadas nos tratados internacionais, na normativa legal e regulamentaria interna.

Tamén a Comunidade Autónoma galega, no seu campo de competencias, comprometeuse no desenvolvemento das obrigas impostas no artigo 4 da Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, na defensa da igualdade. Froito deste compromiso xurdiu a Lei 3/1991 de 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e, no exercizo das súas funcións, a elaboración de ata catro plans de igualdade de oportunidades das mulleres galegas; tamén na legislatura 2005-2009 engádese desde a Secretaría Xeral da Igualdade, de nova creación, o V Plan do Goberno Galego para a Igualdade entre Mulleres e Homes 2007-2010.

Na mesma liña desde 1994, constitúese, no Parlamento Galego, a Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, que elabora e emite conclusións e dictámes en sucesivas lexislaturas, no relativo a esta materia.

Sen embargo, aínda recoñecendo os importantes logros conquistados, a persistencia de situacións de desigualdade entre mulleres e homes constitúe un feito notorio e indiscutible na nosa sociedade, o que pon de manifesto a necesidade de afondar no compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na defensa da igualdade e contra a discriminación. Con esta finalidade faise necesario ampliar o marco legal das políticas autonómicas de igualdade entre mulleres e homes, tanto no relativo aos principios de actuación como no atinxente ás actuacións concretas.

No referido aos principios de actuación é preciso garantir a vinculación da totalidade dos poderes públicos ao cumprimento da transversalidade como instrumento imprescindible para o exercizo da totalidade das competencias autonómicas en clave de xénero, buscando conquistar, en suma, a eliminación de todas ás discriminacións directas e indirectas e dos perxuízos causantes das mesmas.

En prevención de condutas discriminatorias e na previsión de políticas activas para facer efectivo o principio de igualdade desenvolveuse un importante

acervo legislativo tanto a nivel estatal como autonómico. Normas como, a Lei orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ou na nosa Comunidade Autónoma a Lei 7/2004 de 16 de xullo, galega para a igualdade entre mulleres e homes, así como a Lei 2/2007 de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, supoñen un gran avance nesta tarefa. Do mesmo modo, a Lei Orgánica 1/2004 de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e a Lei Galega 11/2007 de 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, entre outras, constitúen importantes fitos na conquista pola igualdade de mulleres e homes.

Pero esta igualdade aínda é somentes formal; para levar adiante a plena equiparación é preciso potenciar unha política activa na que estean implicadas todas as administracións.

No marco da configuración territorial dunha política integral de igualdade considérase fundamental o papel a xogar polos concellos, por ser o nivel da Administración máis achegado a cidadanía, aos seus intereses e necesidades. Por todo iso representa o contexto máis axeitado para artellar a creación, composición e funcionamento dun **Consello Municipal da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes**, que garanta a participación e a igualdade de oportunidades de toda a cidadanía e, en especial, das mulleres ourensás.

ARTIGOS

Artigo 1- Constitúese o Consello Municipal da Igualdade como órgano de participación, asesoramento, consulta, seguemento e canalización da problemática e da vida cidadá das mulleres, así como da igualdade de oportunidades entre ambos sexos.

Artigo 2- O ámbito territorial do Consello Municipal da Igualdade abrangue ó Concello de Ourense.

Artigo 3- O enderezo do Consello Municipal da Igualdade queda fixado no Concello ou nas dependencias que a tal efecto poidan habilitarse. Este pode ir cambiando por necesidades estruturais e físicas.

Artigo 4- O Consello Municipal da Igualdade constitúese como órgano encargado de recoller, estudar, emitir propostas para a resolución das demandas, conflitos, situacións de discriminación e mellora, atendendo aos rasgos específicos do colectivo social a que vai dirixido e as súas peculiaridades organizativas.

Artigo 5- O Consello Municipal da Igualdade persegue os seguintes obxectivos:

1. Defender os dereitos das mulleres velando polo cumprimento das disposicións legais e previndo as posibles discriminacións que se poidan producir en calquera dos eidos de actuación.
2. Fomentar a concienciación das mulleres da súa propia situación, así como promover cambios nas actitudes e comportamentos dos homes que perpetúan a desigualdade entre ambos.
3. Impulsar, promover e apoiar o asociacionismo feminista e de mulleres e aqueles outros que promovan a igualdade entre xéneros respectando a súa autonomía.
4. Potenciar a participación social das mulleres co fin de que se constitúan responsables e protagonistas do seu propio proceso de promoción e desenvolvemento e para a consecución dunha igualdade real e efectiva.
5. Calesquera outro de carácter análogo que teñan incidencia para as mulleres e/ou a igualdade de oportunidades.
6. Impulsar, promover e orientar medidas e plans de actuación para as mulleres e homes e facer un seguemento das actuacións municipais neste eido, así como dos procedementos dos distintos niveis da administración.
7. Instar á Corporación municipal o cumprimento das actuacións en todos os eidos que sexan convenientes na defensa dos dereitos das mulleres e da promoción da igualdade.

Artigo 6- Para acadar estes obxectivos o Consello Municipal da Igualdade levará a cabo as tarefas a continuación mencionadas, así como calesquera outras tendentes o logro dos mesmos:

1. Participar nas actividades e proxectos que, relacionados coas mulleres, realizan as distintas Concellarías do Concello, así como na valoración das mesmas.
2. Fomentar a investigación sobre a situación das mulleres nas diferentes áreas.
3. Difundir a documentación e información específica relativa ás mulleres e á igualdade.
4. Fomentar a participación das mulleres en todas aquelas actividades que favorezan a súa plena equiparación cos homes.
5. Colaborar na elaboración de programas e na execución dos mesmos.
6. Facilitar as actividades das distintas asociacións de mulleres fomentando a coordinación e cooperación entre elas.
7. Establecer relacións con outros grupos, institucións e asociacións de análoga natureza e outros ámbitos administrativos.

Artigo 7- O Consello Municipal da Igualdade estará composta por:

1. O Alcalde/Alcaldesa Presidente/a da Corporación ou persoa en quen delegue
2. Membros integrantes da Corporación en base a representatividade proporcional de cada grupo político, ou persoa en quen deleguen.
3. Unha/un representante de cada unha das asociacións de mulleres do noso concello, así como daquelas asociacións, entidades ou organizacións que teñan como finalidade primordial potenciar a

integración social das mulleres e a igualdade real e efectiva de mulleres e homes.

4. Unha/un Secretaria/o con voz pero sin voto.

Artigo 8- Cada membro do Consello Municipal da Igualdade poderá designar unha/un suplente que a/o substitúa na asistencia as sesións, por imposibilidade xustificada da/do titular de acudir a mesma.

Artigo 9- Son requisitos para ser membros do Consello Municipal da Igualdade:

1. Estar legalmente constituído.
2. Ter domicilio social no Concello de Ourense.
3. As asociacións, entidades e organizacións enumeradas no punto 3 do artigo 7 deberán comunicar ao Presidente/a do Consello Municipal da Igualdade a súa vontade de pertencer ó mesmo para participar na sesións que se convoquen, mediante escrito no que se especificarán os seus datos identificativos, así como as actividades que desenvolvan.

Artigo 10- Son órganos do Consello Municipal da Igualdade os seguintes:

- Presidente/a
- Vicepresidenta/e
- Secretaria/o
- Pleno
- Xunta Executiva
- Comisións de Traballo

Artigo 11- Re caerá o cargo de presidente/a na persoa do Sr Alcalde ou Sra Alcaldesa ou persoa en quen delegue.

Artigo 12- Serán funcións do/a presidente/a as seguintes:

1. Convocar e presidir as reunións.
2. Ordenar os debates e someter a votación os acordos.
3. Executar os acordos do Consello.

Artigo 13- A vicepresidenta/e será elixida polo Pleno do Consello Municipal da Igualdade entre os membros non corporativos/os do mesmo na primeira sesión, logo da súa constitución. Para dita elección requírese a maioría absoluta dos membros do Consello na primeira votación, na que resultará elegida a persoa que acade máis votos.

Artigo 14- Serán funcións propias da vicepresidenta ou vicepresidente:

1. Prestar a súa colaboración á presidenta/e do Consello en aqueles asuntos en que sexa requerida pola mesma/o
2. Suplir as funcións da presidenta/e por delegación de ésta/e, ausencia, enfermidade ou por calquera outra circunstancia que impida a súa presenza.

Artigo 15- Será secretaria/o do Consello Municipal da Igualdade unha funcionaria/o adscrita ó Departamento de Igualdade. Asistirá as reunións do Consello con voz e sin voto. Será a encargada/o de levantar as actas das sesións.

Artigo 16- A Xunta Executiva estará constituída pola presidenta/e, a secretaria/o e as/os presidentes das comisións que se constituían con carácter permanente. Actuará como secretaria/o da Xunta Executiva a mesma persona que o sexa do Consello Municipal da Igualdade.

Artigo 17- Serán funcións da Xunta Executiva as seguintes:

1. Preparar a orde do día do Pleno do Consello Municipal da Igualdade
2. Será a que realice a xestión ordinaria do Consello, dando conta ó mesmo do actuado en cada sesión plenaria.
3. Velar pola correcta aplicación da presente normativa.

Artigo 18- Para facilitar a labor e a operatividade do Consello Municipal da Igualdade crearanse órganos de traballo que levarán a denominación de “comisións”.

Artigo 19- As comisións de traballo poderán ter carácter temporal ou permanente en función dos intereses, necesidades e posibilidades do Consello Municipal da Igualdade.

- Será función de ditas comisións a elaboración de informes, estudos e propostas de actuación no ámbito da súa competencia.
- Cada comisión de traballo nomeará unha presidenta/e, que será a encargada/o de impulsar, coordinar e representar a ésta.

Artigo 20- O Pleno do Consello Municipal da Igualdade reunirase en sesións ordinarias e extraordinarias. As deliberacións do Consello adoptaran a forma de informes e propostas que se elevarán ó Pleno do Consello a través da Comisión Informativa de Igualdade para o seu estudo e aprobación, se procede.

Artigo 21- O Consello Municipal da Igualdade reunirase en sesión ordinaria, como mínimo, trimestralmente e en sesións extraordinarias cando o considere oportuno a presidenta/e ou ben cando o solicite un tercio dos seus membros.

- A convocatoria das sesións ordinarias realizarase cunha antelación mínima de cinco días a súa celebración e a das sesións extraordinarias realizarase cunha antelación mínima de 48 horas.
- As sesións extraordinarias deberán celebrarse no prazo máximo de 10 días dende a solicitude das mesmas.
- O Consello Municipal da Igualdade considerarase validamente constituído cando se convocare de forma reglamentaria e estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, en primeira convocatoria, e un tercio na segunda convocatoria, e sempre e cando figure entre eles a presidenta/e ou persoa que a/o substitúa.
- Entrambas convocatorias transcurrirá un mínimo de media hora.

Artigo 22- Poderán participar nas comisións de traballo con voz pero sin voto as persoas invitadas ou as que o soliciten formalmente para emitir informes técnicos ou formular cuestións que lles afecten.

Artigo 23- A duración do mandato dos membros da Xunta Executiva de dous anos naturais a contar dende a súa elección.

Artigo 24- Os membros do Consello Municipal da Igualdade perderán a súa condición de tales por:

- Revocación por parte do colectivo a quen representa.
- Por renuncia expresa da interesada/o.
- Por ausencia inxustificada por sí ou pola persona substituta a dúas reunións ordinarias consecutivas ou a tres alternativas no periodo dun ano, previo apercibimento á asociación, entidade ou organización afectada.
- Por falecemento.
- Por calquera incumprimento grave e reiterado das súas obrigas recoñecido así pola maioría absoluta dos membros do Consello.